

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do xoves 24 de setembro de 2026

Logo de ver o disposto nos artigos 46 e 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

TENDO EN CONTA que, segundo o acordo plenario de data do 13.07.2023, relativo ao réxime de determinación da periodicidade das sesións plenarias, o Pleno celebrará sesións ordinarias con carácter mensual o último xoves de cada mes ás vinte horas.

En aplicación do previsto nos artigos 78 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

Data: xoves 24 de setembro de 2026
Hora: 20:00 h
Lugar: CASA DO CONCELLO

ORDE DO DÍA:

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 8 PLENO ORDINARIO DO DÍA 30 DE XULLO DE 2026

PARTE DE CONTROL

2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
3. ROGOS E PREGUNTAS
2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, e poñer á súa disposición no Portal de Cargos Electos da Sede Electrónica municipal as actas e a documentación dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.